



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26 DE SETEMBRO DE 2024

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 23.07.2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA 09.09.2024.....	2
2.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRES CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C).....	4
3. CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL MUNICIPAL DE MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	8
4.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.....	22
5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: CANON SOGAMA.....	26
- FÓRA DA ORDE DO DÍA:.....	33
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME EN RELACIÓN A SOGAMA,.....	33
6.- DAR CONTA DO DITADO NO DECRETO 527/2024 DE 13.09.2024 DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2025.....	33
7.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	38
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	38
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	48
MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A CONDENA DO XENOCIDIO EN GAZA E A OCUPACIÓN DA PALESTINA.....	48
10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	53
10.1.- RESPOSTA Á PREGUNTA FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO 23.07.2024.....	53
10.2.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE SETEMBRO.....	53
10.2.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE SETEMBRO.....	56
10.3.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE SETEMBRO.....	59
10.4.- ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE SETEMBRO.....	59
REMATE DA SESIÓN.....	60
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	60





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26 DE SETEMBRO DE 2024

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e sete minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente , don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria accidental e a Interventora municipal

##### A Secretaria accidental:

Eva Guerrero Rico

##### A Interventora municipal

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

#### NON ASISTEN:

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 23.07.2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DÍA 09.09.2024**

A secretaria accidental indica que se ten detectado un erro no borrador da acta da sesión do día 23, en tanto que non se recolle a asistencia da concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), dona Montserrat Pico Rodeiro, quen estivo presente na sesión.

É por isto que se propón a emenda da proposta enviada ás concelleiras e concelleiros, no sentido seguinte:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Engádesse un primeiro punto coa redacción seguinte:

**"PRIMEIRO.-** Rectificar no borrador da acta da sesión ordinaria de 23.07.2024, a relación de persoas asistentes, incluíndo á concelleira do Grupo Municipal do PP dona Montserrat Pico Rodeiro.", resultando a seguinte proposta emendada:

### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**

Expediente TEdC: 2024/G006/0000210

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

#### **SESIÓN ORDINARIA DE 23.07.2024**

#### **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.09.2024**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Rectificar no borrador da acta da sesión ordinaria de 23.07.2024, a relación de persoas asistentes, incluíndo á concelleira do Grupo Municipal do PP dona Montserrat Pico Rodeiro.

**SEGUNDO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 23.07.2024** (borrador asinado o día 18.09.2024)

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.09.2024** (borrador asinado o día 23.09.2024)

**TERCEIRO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro."

Os concelleiros e concelleiras presentes aceptan a modificación da proposta.

De seguido sométese a votación a proposta emendada, votándose por separado as actas, tendo en conta as asistencias a cada unha das sesións, quedando **ADOPTADOS**:

- **SESIÓN ORDINARIA DE 23.07.2024** (borrador asinado o día 18.09.2024), por **MAIORÍA** de **9 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D. Luis Pena Mosquera, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro (PP); e **2 abstencións** da concelleira D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana e D. Manuel





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Aaron Curbeira Martínez, por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Rectificar no borrador da acta da sesión ordinaria de 23.07.2024, a relación de persoas asistentes, incluíndo á concelleira do Grupo Municipal do PP dona Montserrat Pico Rodeiro.

**SEGUNDO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- **SESIÓN ORDINARIA DE 23.07.2024** (borrador asinado o día 18.09.2024)

**TERCEIRO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.09.2024** (borrador asinado o día 23.09.2024), por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 09.09.2024** (borrador asinado o día 23.09.2024)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

### **2.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRES CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)**

A secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.09.2024, que se transcribe a continuación:

#### **“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE SETEMBRO DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000017**

### **2.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

### “PROPOSTA DE ACORDO

**RENUNCIA Á CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)**

Expediente: 2023/U048/000001

O Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión ordinaria o día **xoves 25 de maio de 2023**, adoptaba o acordo relativo á **“5.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S E PRESCRICIÓN S (NOVAS) PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO A CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME. (CNC02/19/15/0011 T.12/17-C)”**

Por Resolución de 28 de junio de 2023, da Dirección Xeral do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, resolvíase **“Otorgar al Ayuntamiento de Ponte deume la concesión de ocupación de doscientos cuarenta y dos metros cuadrados (242 m2 ) de terrenos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén y aseos en el paseo marítimo de Ponte deume, en el término municipal de Ponte deume (A Coruña).”**

Na dita resolución fíxose un canon anual de 5.445 €/ano (22,45€/m2), que conforme ao establecido na Disposición 12ª do **“Pliego de condiciones generales para concesiones demaniales en las playas, zona marítimo-terrestre y mar territorial aprobado por Orden Ministerial de 8 de noviembre de 1985, publicado en el BOE de 19 de noviembre de 1985, con las modificaciones necesarias para su adaptación a la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, informado favorablemente por el Servicio Jurídico con fecha 2 de junio de 1989”**:

**“12ª. El concesionario abonará por semestres adelantados al Tesoro Público a partir de la fecha de notificación de la concesión en la forma y cantidad que se fija en el PCPP, el importe correspondiente al canon de ocupación o aprovechamiento.**

...//...”

Tramitado o expediente **2023/C003/000005**, para a contratación das obras contidas no proxecto **“CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA” (POS + 2020)**.

(Enlace á licitación no perfil do contratante: [https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle\\_licitacion&idEvl=fUfGJZ7uc6uopEMYCmrbmw%3D%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=fUfGJZ7uc6uopEMYCmrbmw%3D%3D) )

Tendo en conta que por Decreto 360/2024 de 26-06-2024, resolveuse, entre outros:

**“PRIMERO. – Declarar deserta a “LICITACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO “CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA” (POS + 2020), por non se ter presentado oferta algunha.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

...//..."

Tendo en conta que o financiamento da dita actuación era o seguinte:

Deputación provincial da Coruña, POS + 2020	Concello de Ponte deume
53.561,95 €	6.205,58 €
89,62 %	10,38 %

Logo de ver o **Decreto Nº 394/2024 de 10-07-2024**, cuxo contido se transcribe, en estrato: **"PRIMEIRO.- A renuncia ao investimento "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA"**, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020", o acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión extraordinaria de 18.12.2019, tendo en conta o **Decreto Nº 360/2024 de 26-06-2024 polo que se declarou deserta a licitación e que** o dito investimento debería estar rematado e totalmente certificado o 30 de novembro de 2024 (prazo improrrogable).

...//..."

Tendo en conta que non se prevé unha nova licitación a curto prazo da dita actuación.

Logo de ver as liquidacións realizadas pola Demarcación de Costas, esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do Concello de Ponte deume, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.-** Solicitar a **RENUNCIA Á CONCESIÓN outorgada** por Resolución de 28 de junio de 2023, da Dirección Xeral do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de ocupación de douscentos cuarenta e dos metros cuadrados (242 m<sup>2</sup>) de terrenos de dominio público marítimo-terrestre con destino a cantina, almacén e aseos en el paseo marítimo de Ponte deume, en el término municipal de Ponte deume (A Coruña)." REF. DUNA: CNC02/19/15/0011; en tanto que non se prevé unha nova licitación a curto prazo da dita actuación.

**SEGUNDO.-** Propoñer a liquidación do próximo canon ata o 26-06-2024, data na que se resolveu declarar deserta a licitación (Decreto 360/2024).

**TERCEIRO.-** Facultar á Alcaldía para a sinatura da documentación que se derive da adopción do presente acordo.

**CUARTO.-** Dar traslado da adopción do presente acordo á Demarcación de Costas, Secretaría de Estado de Medio Ambiente, Dirección General de la Costa y el Mar, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; así como aos servizos técnicos e económicos aos efectos oportunos.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."

A presidencia abre a quenda para o debate





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR**; dos concelleiros e concelleiras do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do BNG (1), D. Luis Pena Mosquera, e de concelleiro do PP (1) D. Santiago José Rodríguez Piñeiro.”

A Presidencia abra a quenda para o debate.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicar que tendo en conta que a licitación da obra quedou deserta, o motivo desta renuncia é evitar o pagamento do canon da concesión mentres non exista a obra. Sinala que a contía que financiaba a Deputación non se perde, en tanto que os ditos fondos incluíranse no Plan único dos Concellos do ano 2025.

Pregunta o **concelleiro do PP, don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, pola contía do canon satisfeito ata o día de hoxe, ao que se lle contesta que foron dúas as liquidacións satisfeitas, que se corresponderían con dous semestres (aproximadamente 5400 euros)

Toma a palabra o **Sr. Alcalde**, para indicar que se reclamou a cantidade ingresada ante a Demarcación de Costas, xa que non se chegaron a ocupar os terreos.

Toma a palabra o concelleiro **portavoz do Grupo municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera** para recordar que cando este proxecto veu a Pleno no 2023 o seu grupo abstívose facendo crítica a que cando se sacasen os pregos económicos ía ser comercialmente moi difícil de explotar. Entende que hai que aprobar a renuncia a concesión administrativa pero indica que se van abster na votación, porque non sería como eles xestionarían este tema.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, para indicar que deserta quedou a construción da cantina e baños públicos, non a explotación do servizo; pero que se vinculou a unha cafetería para que os baños estivesen sempre limpos; rematada a obra sacaría a licitación a explotación e o adxudicatario terá que asumir eses custes de explotación.

Concluídas as intervencións sometese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago Jose Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2) D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 3. CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL MUNICIPAL DE MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 23.09.2024, que se transcribe a continuación:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 23 DE SETEMBRO DE 2024**

**EXPDTE: 2024/G012/000017**

### 3- CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL MUNICIPAL DE MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO:**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

Vista a solicitude presentada por RE núm. 202400000000707 do día 5 de abril de 2024, por D. Manuel A. Fernández Pita, de constitución do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática.

Considerada a conveniencia de crear o Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume, como ente consultivo con capacidade para valorar opinións e facer propostas relacionadas coa Lei de Memoria Democrática

Tendo en conta o establecido no Regulamento orgánico municipal en vigor do concello de Ponte deume:

#### **Artigo 45. Os Consellos Sectoriais.**

O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais. A finalidade destes órganos é a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais. Desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Conselleiro/a

A creación dos Consellos Sectoriais de Participación realizarase por Acordo do Pleno, acordando no mesmo a súa composición, organización e ámbito de actuación.

Cada Consello estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde ou Alcaldesa, que actuará como ligazón entre a Corporación e o







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Consello.

As funcións dos Consellos regúlanse por Regulamento aprobado polo Pleno, no que, ademais, regularase a composición, organización, ámbito territorial e recursos que se lles asignen.

**Artigo 88 Outros órganos colexiados (Xuntas de Distrito, Consellos Sectoriais, etc.).**

...//...

O funcionamento dos Consellos Sectoriais rexeráse polo disposto nos Acordos plenarios que os establezan.

O funcionamento dos órganos colexiados dos Entes descentralizados de xestión rexeráse polo que dispoña a Lexislación en materia de formas de xestión de servizos, segundo a súa natureza específica.

### **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Acordar o establecemento do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume.

A finalidade deste órgano é a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais relacionados coa Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume. Desenvolverá exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas a materia obxecto do Consello.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde, para nomear libremente ao membro da Corporación, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.

**TERCEIRO.-** Aprobar as normas de funcionamento do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática do Concello de Ponte deume, co seguinte teor literal:

**Obxecto do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática do Concello de Ponte deume.**

O Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática é un ente consultivo con capacidade para valorar opinións e facer propostas relacionadas coa Lei de Memoria Democrática, que non serán vinculantes pero que se elevarán a alcaldía-presidencia para a súa proposta, se procede, ao órgano colexiado do concello de Ponte deume, competente por razón da materia, no seu caso. Esta capacidade de proposta e asesoramento afecta ao seguintes cinco obxectivos:

1) Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática.

2) Favorecer a reparación e dignificación dos veciño/as que padeceron calquera tipo de represalia pola ditadura franquista.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3) Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do concello de Ponte deume que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.

4) Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados, e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda que sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.

5) Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello.

### - **Composición do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

1) *Presidencia.* Estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde ou Alcaldesa, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.

2) *Vicepresidencia.* Re caerá nunha persoa que forme parte do Consello en calidade de representante dunha entidade.

3) *Secretaría.* A da Corporación ou empregado/a público/a en quen delegue.

4) *Vogais:* 4.1. Un representante de cada grupo municipal.

4.2. Un ou dous representantes de cada entidade memorialista con recoñecido traballo na contorna, e que estea debidamente rexistrada.

4.3. Historiadores de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista na comarca de Ferrolterra.

5) Os membros terán voz e voto nas sesións, salvo a Secretaría, que terá voz aos efectos de clarificación procedimental e asesoramento, sen voto.

6) Ocasionalmente, poderán ser chamadas a asistir con voz, pero sen voto, outros membros pola relación, que a presidencia estime, cos asuntos a tratar.

7) Existirá un adecuado equilibrio entre homes e mulleres, dando cumprimento a normativa de paridade dos órganos colexiados municipais.

### - **Réxime de convocatorias e asistencia ás sesións.**

1) As sesións celebraranse cando sexa convocado pola alcaldía, de oficio ou previa petición da solicitude da metade dos seus membros.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 2). *As sesións serán convocadas por medios telemáticos preferentemente, segundo estableza a convocatoria.*
- 3). *Establecerase cales das sesións, por razón da materia, poderán ter a condición de públicas con acceso á cidadanía, sendo este caso excepcional, en todo caso, con carácter presencial.*
- 4). *A documentación e as conclusións poderán estar dispoñibles na web municipal.*
- 5). *Haberá quórum coa presenza do/a Presidente/a, do/a Secretario/a, e dun/ha representante de cada un dos tres apartados: grupos municipais, entidades e historiadores.*
- 6). *O voto será persoal e non delegable, e será público salvo que a a maioría simple da comisión acorde o voto secreto.*
- 7) *A secretaría do consello levantará acta de cada sesión. A aprobación definitiva da acta incorporárase como primeiro punto na vindeira sesión que se celebre.*
- 8) *As restantes normas de funcionamento non previstas expresamente polo presente acordo aplicaranse as previstas na normativa de funcionamento dos órganos complementarios das Entidades Locais así como no Regulamento Orgánico Municipal do concello de Ponte deume.*

- **Vixencia do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

*A vixencia do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática coincidirá cos mandatos emanados das eleccións municipais. Finalizará ao remate de cada mandato en canto á composición dos seus membros, mantendo as restantes normas de funcionamento en vigor, salvo, a modificación expresa polo Pleno da Corporación.*

- **Sobre a perda da condición de vogal no Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

*Os grupos de entidades e historiadores perderán a condición de integrantes deste consello polas seguintes causas:*

- 1). *Por solicitude de cada un/ha dos membros.*
- 2) *Por disolución da entidade á que representa.*
- 3) *Por reiterada falta de asistencia ás xuntanzas sen causa xustificada, a proposta da presidencia, e por voto favorable da maioría simple dos presentes.*

**CUARTO.-** *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e na sede electrónica municipal, a efectos de xeral coñecemento."*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*A presidencia abre a quenda para o debate  
...//...*

*Concluído o debate, a proposta enmendada "in voce" queda como se transcribe a continuación:*

### **"PROPOSTA DE ACORDO ENMENDADA:**

#### **DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

*Vista a solicitude presentada por RE núm. 20240000000707 do día 5 de abril de 2024, por D. Manuel A. Fernández Pita, de constitución do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática.*

*Considerada a conveniencia de crear o Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume, como ente consultivo con capacidade para valorar opinións e facer propostas relacionadas coa Lei de Memoria Democrática*

*Tendo en conta o establecido no Regulamento orgánico municipal en vigor do concello de Ponte deume:*

#### **Artigo 45. Os Consellos Sectoriais.**

*O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais. A finalidade destes órganos é a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais. Desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Conselleiro/a.*

*A creación dos Consellos Sectoriais de Participación realizarase por Acordo do Pleno, acordando no mesmo a súa composición, organización e ámbito de actuación.*

*Cada Consello estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde ou Alcaldesa, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.*

*As funcións dos Consellos regúlanse por Regulamento aprobado polo Pleno, no que, ademais, regularase a composición, organización, ámbito territorial e recursos que se lles asignen.*

#### **Artigo 88 Outros órganos colexiados (Xuntas de Distrito, Consellos Sectoriais, etc.).**

*...//...*

*O funcionamento dos Consellos Sectoriais rexerese polo disposto nos Acordos plenarios que*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

os establezan.

O funcionamento dos órganos colexiados dos Entes descentralizados de xestión rexerá polo que dispoña a Lexislación en materia de formas de xestión de servizos, segundo a súa natureza específica.

### **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Acordar o establecemento do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume.

A finalidade deste órgano é a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais relacionados coa Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume. Desenvolverá exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas a materia obxecto do Consello.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde, para nomear libremente ao membro da Corporación, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.

**TERCEIRO.-** Aprobar as normas de funcionamento do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática do Concello de Ponte deume, co seguinte teor literal:

### **Obxecto do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática do Concello de Ponte deume.**

O Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática é un ente consultivo con capacidade para valorar opinións e facer propostas relacionadas coa Lei de Memoria Democrática, que non serán vinculantes pero que se elevarán a alcaldía-presidencia para a súa proposta, se procede, ao órgano colexiado do concello de Ponte deume, competente por razón da materia, no seu caso. Esta capacidade de proposta e asesoramento afecta ao seguintes cinco obxectivos:

- 1) Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática.
- 2) Favorecer a reparación e dignificación dos veciño/as que padeceron calquera tipo de represalia pola ditadura franquista.
- 3) Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do concello de Ponte deume que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.
- 4) Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados, e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda que sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5) *Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello.*

### - **Composición do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

1) *Presidencia. Estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde ou Alcaldesa, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.*

2) *Vicepresidencia. Re caerá nunha persoa que forme parte do Consello en calidade de representante dunha entidade; elixida por maioría simple dos membros do Consello.*

3) *Secretaría. A da Corporación ou empregado/a público/a en quen delegue.*

4) *Vogais:* 4.1. *Un representante de cada grupo municipal.*

4.2. *Un representante de cada entidade memorialista con recoñecido traballo na contorna, e que estea debidamente rexistrada.*

4.3. *Historiadores de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista da contorna*

*En todo caso, o número máximo de membros do Consello será de 13.*

5) *Os membros terán voz e voto nas sesións, salvo a Secretaría, que terá voz aos efectos de clarificación procedimental e asesoramento, sen voto.*

6) *Ocasionalmente, poderán ser chamadas a asistir con voz, pero sen voto, outros membros pola relación, que a presidencia estime, cos asuntos a tratar.*

7) *Existirá un adecuado equilibrio entre homes e mulleres, dando cumprimento a normativa de paridade dos órganos colexiados municipais.*

### - **Réxime de convocatorias e asistencia ás sesións.**

1) *As sesións celebraranse cando sexa convocado pola alcaldía, de oficio ou previa petición da solicitude da metade dos seus membros.*

2) *As sesións serán convocadas por medios telemáticos preferentemente, segundo estableza a convocatoria.*

3) *Establecerase cales das sesións, por razón da materia, poderán ter a condición de públicas con acceso á cidadanía, sendo este caso excepcional, en todo caso, con carácter presencial.*

4) *A documentación e as conclusións poderán estar dispoñibles na web municipal.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5). *Haberá quórum coa presenza do/a Presidente/a, do/a Secretario/a, e dun/ha representante de cada un dos tres apartados: grupos municipais, entidades e historiadores.*

6). *O voto será persoal e non delegable, e será público salvo que a a maioría simple da comisión acorde o voto secreto.*

7) *A secretaría do consello levantará acta de cada sesión. A aprobación definitiva da acta incorporárase como primeiro punto na vindeira sesión que se celebre.*

8) *As restantes normas de funcionamento non previstas expresamente polo presente acordo aplicaranse as previstas na normativa de funcionamento dos órganos complementarios das Entidades Locais así como no Regulamento Orgánico Municipal do concello de Ponte deume.*

- **Vixencia do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

*A vixencia do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática coincidirá cos mandatos emanados das eleccións municipais. Finalizará ao remate de cada mandato en canto á composición dos seus membros, mantendo as restantes normas de funcionamento en vigor, salvo, a modificación expresa polo Pleno da Corporación.*

- **Sobre a perda da condición de vogal no Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

*Os grupos de entidades e historiadores perderán a condición de integrantes deste consello polas seguintes causas:*

1). *Por solicitude de cada un/ha dos membros.*

2) *Por disolución da entidade á que representa.*

3) *Por reiterada falta de asistencia ás xuntanzas sen causa xustificada, a proposta da presidencia, e por voto favorable da maioría simple dos presentes."*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **POR MAIORÍA DE 6 VOTOS A FAVOR**; dos concelleiros e concelleiras do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; do concelleiro do PP (1) D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e 1 ABSTENCIÓNS do concelleiro do BNG (1), D. Luis Pena Mosquera."*

*A presidencia indica que o grupo municipal do BNG presentou unha emenda a esta proposta, que se transcribe a continuación:*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **“Emenda BNG ao Consello De Memoria Democrática.**

*Como se recolle no punto primeiro a finalidade deste órgano é a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais relacionados coa Memoria Histórica Democrática no concello de Ponte deume. Para garantir esta participación é fundamental que a sociedade civil eumesa estea representando neste consello, polo que cómpre modificar a composición deste consello sectorial, aumentando un vocal que represente ás asociacións culturais eumesas. Esta emenda pretende engadir un punto 4.4, dentro do punto 4) Vogais, coa seguinte redacción:*

#### **4.4. Unha representante das asociacións culturais do concello de Ponte deume con traballos no ámbito histórico e legalmente constituídas.”**

A continuación procedese a debater o asunto.

Toma a palabra o **concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera**, para recordar que o BNG presentou unha moción para a aplicación da Lei de memoria democrática que propuña cambiar o nome dalgunhas rúas e retirar nomeamentos de fillo predilectos non acordes a esa Lei. O goberno propuxo crear un consello para que tomase esas decisións. Indica que na Comisión Informativa intentaron mellorar a proposta presentada de creación e funcionamento do Consello sectorial municipal de Memoria histórica democrática do Concello de Ponte deume, e algunhas das súas emendas foron aceptadas agás a de incluír como membro do Consello, un representante das entidades culturais de Ponte deume, para engadir a representación civil do Concello de Ponte deume. Continúa dicindo que votarán a favor en caso de que a emenda sexa admitida e senón absteranse como símbolo de protesta; que no fondo están desexando que este Consello sectorial comece a funcionar.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, para dicir que non comparten a emenda, considera que o punto “4.3 *Historiadores de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialística da contorna*” engloba a calquera persoa que forme partes desas entidades que teñan o traballo feito, xa que en Ponte deume non existe ningunha entidade específica que traballe no ámbito da memoria histórica; e indica que a proposta do Presidente tal como indica o punto 6 poden ser convidadas outras persoas que teñan realizado algún estudo, traballo ou coñecemento do asunto a tratar, e que se pode modificar que non sexa a Presidencia quen estime a quen chamar (tal como di o punto 6) senón que sexa o Consello quen o decida.

**Toma a palabra don Luis Pena Mosquera**, dicindo que eles non falan dos historiadores, que son os especialistas que virán a falar con máis peso; senón que insiste en que a sociedade civil de Ponte deume non está representada, que non importa o coñecemento que teñan; indica que este membro non vai modificar as decisións que se tomen, non é un posto político, nin vai aumentar o número máximo de membros, non necesario que teñan coñecementos ou traballos no ámbito histórico, non se trata de que sexa o especialistas, so piden que as entidades culturais e por ende a sociedade civil se vexa representada neste Consello.

Responde o **Sr. Presidente** para indicar que o seu goberno entende que a sociedade civil está representada polos seus representantes lexítimos elixidos nas urnas, neste caso el como







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

alcalde representa a todo a veciñanza do Concello de Ponte deume; que non se quere crear controversia coas asociacións culturais para ver quen vai ou non como representante ao Consello; e por último que o Consello analizará casos concretos dende o punto de vista xurídico para que despois o Concello adopte as decisións oportunas; polo tanto é preciso que haxa xente con coñecementos técnicos e históricos acreditados na materia.

D. Bernardo Fernández Piñeiro continúa a súa intervención, dicindo que incluír un representante das asociacións culturais non aporta nada ao Consello, porque ese representante terá que poñer en coñecemento das outras asociacións todos os expedientes que se traten e que non cree que as entidades se reúnan para ver o que ese representante traslada do consello; como vai ser a elección dese representante entre as entidades, a que entidades se chama.

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera** para dicir que o argumento do Sr. Alcalde vale tamén para os membros que se elixan de cada entidade memorialística con traballo recoñecido na contorna.

O **Sr. Presidente** di que as entidades memorialísticas están centrada única e exclusivamente na materia que concirne a este consello; que xa se crearon máis consellos noutros lugares; e que estas entidades están acostumadas a nomear representantes; e di que non lles parece operativo ter ese representante das asociacións porque non van facer un traballo para coñecer cal e sentido maioritario dos veciños de Ponte deume.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera**, dicindo que si é operativo, xa que hai un límite máximo de membros do Consello; e aportan o coñecemento da xente propia que vive en Ponte deume e como consello consultivo que se crea hai que escoitar a opinión da poboación civil.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** e pon o exemplo de cambiar o nome dunha rúa, que entón o Consello poderá chamar a todos os presidentes das comunidades desa rúa para trasladarlles a propostas e ver a opinión dos veciños; pero nomear a unha persoa que representa a unha entidade, que non sabe se ten ou non relación cos veciños non o ven; di que non aporta nada meter de maneira fixa a entidades culturais nun Consello destas características, que é un Consello técnico, non é para vir dar opinións; pero que se é necesario chamalos cando haxa tema que tratar dos que poden dar opinión e coñecemento, serán benvidos ao Consello.

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera**, para dicir que non é o mesmo ser membro recollido nas bases, que que te podan chamar; e para dicir que están a favor da emenda proposta polo Presidente, e para reiterar que o seu voto é a abstención como símbolo de protesta ao non admitir a representación das entidades culturais.

Toma a palabra o **concelleiro portavoz do Grupo Municipal do PP, don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, para preguntar se algunha asociación pediu entrar no consello.

Tanto o Alcalde, coma o portavoz do Grupo Municipal do BNG, responden que non.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra a concelleira portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dona **Alejandra Bellón Tenreiro**, dicindo que quere puntualizar que a proposta ven a pleno pola solicitude presentada por rexistro da Asociación de Memoria Histórica; e que se hai que poñer un representante das entidades culturais tamén haberá que facelo coas asociacións de veciños, coas asociacións de sindicatos, das asociacións de traballadores, de comerciantes... todos poderían ter que dicir pero non é operativo, para unha mesa de traballo como é a que se pretende coas creación do Consello

Sen máis intervencións sométese a votación a inclusión da emenda proposta polo Grupo Municipal do BNG, quedando **REXEITADA** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernandez Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellon Tenreiro, D. Jose Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago Jose Rodriguez Pineiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DOUS VOTOS A FAVOR (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D.Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez.

Froito do debate anterior, a Presidencia propón un cambio de redacción, dentro do apartado: "*Composición do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática*", no seu punto 6, nos termos seguintes:

*Onde di:*

6). *Ocasionalmente, poderán ser chamadas a asistir con voz, pero sen voto, outros membros pola relación, que a presidencia estime, cos asuntos a tratar."*

Dirá:

6). Ocasionalmente, poderán ser chamadas a asistir con voz, pero sen voto, outros membros pola relación, que o Consello estime, cos asuntos a tratar."

O dito cambio foi aceptado polos concelleiros e concelleiras presentes.

De seguido, sométese a votación a proposta, coa modificación do punto 6 do apartado "Composición do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática", nos termos sinalados no parágrafo anterior, quedando adoptado por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera; e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO seguinte:**

**PRIMEIRO.-** Acordar o establecemento do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume.

A finalidade deste órgano é a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

nos asuntos municipais relacionados coa Memoria Histórica Democrática do concello de Ponte deume. Desenvolverá exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas a materia obxecto do Consello.

**SEGUNDO.**- Facultar ao Sr. Alcalde, para nomear libremente ao membro da Corporación, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.

**TERCEIRO.**- Aprobar as normas de funcionamento do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática do Concello de Ponte deume, co seguinte teor literal:

### **Obxecto do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática do Concello de Ponte deume.**

O Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática é un ente consultivo con capacidade para valorar opinións e facer propostas relacionadas coa Lei de Memoria Democrática, que non serán vinculantes pero que se elevarán a alcaldía-presidencia para a súa proposta, se procede, ao órgano colexiado do concello de Ponte deume, competente por razón da materia, no seu caso. Esta capacidade de proposta e asesoramento afecta ao seguintes cinco obxectivos:

- 1) Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática.
- 2) Favorecer a reparación e dignificación dos veciño/as que padeceron calquera tipo de represalia pola ditadura franquista.
- 3) Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do concello de Ponte deume que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.
- 4) Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados, e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda que sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.
- 5) Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello.

### **- Composición do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

- 1) Presidencia. Estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde ou Alcaldesa, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.
- 2) Vicepresidencia. Re caerá nunha persoa que forme parte do Consello en calidade de representante dunha entidade; elixida por maioría simple dos membros do Consello.
- 3) Secretaría. A da Corporación ou empregado/a público/a en quen delegue.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 4). Vogais:
- 4.1. Un representante de cada grupo municipal.
  - 4.2. Un representante de cada entidade memorialista con recoñecido traballo na contorna, e que estea debidamente rexistrada.
  - 4.3. Historiadores de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista da contorna

En todo caso, o número máximo de membros do Consello será de 13.

- 5). Os membros terán voz e voto nas sesións, salvo a Secretaría, que terá voz aos efectos de clarificación procedimental e asesoramento, sen voto.
- 6). Ocasionalmente, poderán ser chamadas a asistir con voz, pero sen voto, outros membros pola relación, que o Consello estime, cos asuntos a tratar.
- 7). Existirá un adecuado equilibrio entre homes e mulleres, dando cumprimento a normativa de paridade dos órganos colexiados municipais.

– **Réxime de convocatorias e asistencia ás sesións.**

- 1). As sesións celebraranse cando sexa convocado pola alcaldía, de oficio ou previa petición da solicitude da metade dos seus membros.
- 2). As sesións serán convocadas por medios telemáticos preferentemente, segundo estableza a convocatoria.
- 3). Establecerase cales das sesións, por razón da materia, poderán ter a condición de públicas con acceso á cidadanía, sendo este caso excepcional, en todo caso, con carácter presencial.
- 4). A documentación e as conclusións poderán estar dispoñibles na web municipal.
- 5). Haberá quórum coa presenza do/a Presidente/a, do/a Secretario/a, e dun/ha representante de cada un dos tres apartados: grupos municipais, entidades e historiadores.
- 6). O voto será persoal e non delegable, e será público salvo que a a maioría simple da comisión acorde o voto secreto.
- 7) A secretaría do consello levantará acta de cada sesión. A aprobación definitiva da acta incorporárase como primeiro punto na vindeira sesión que se celebre.
- 8) As restantes normas de funcionamento non previstas expresamente polo presente acordo aplicaranse as previstas na normativa de funcionamento dos órganos complementarios das Entidades Locais así como no Regulamento Orgánico Municipal do concello de Ponte deume.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Vixencia do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

A vixencia do Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática coincidirá cos mandatos emanados das eleccións municipais. Finalizará ao remate de cada mandato en canto á composición dos seus membros, mantendo as restantes normas de funcionamento en vigor, salvo, a modificación expresa polo Pleno da Corporación.

- **Sobre a perda da condición de vogal no Consello Sectorial Municipal da Memoria Democrática.**

Os grupos de entidades e historiadores perderán a condición de integrantes deste consello polas seguintes causas:

- 1). Por solicitude de cada un/ha dos membros.
- 2) Por disolución da entidade á que representa.
- 3) Por reiterada falta de asistencia ás xuntanzas sen causa xustificada, a proposta da presidencia, e por voto favorable da maioría simple dos presentes.

**CUARTO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e na sede electrónica municipal, a efectos de xeral coñecemento.

#### **4.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS**

Toma a palabra a concelleira portavoz do Grupo Municipal do PSOE, **dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada.

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Concello como entidade local é a Administración máis enriquecedora, xa que é a que se relaciona de forma directa cos veciños e veciñas, ocupándose das preocupacións reais como a economía familiar. A cesta da compra ou a suba do recibo do lixo son cuestións que afectan á poboación, do mesmo xeito que o mantemento axeitado das escolas onde se forman as nenas e nenos ou a atención aos maiores e as escolas infantís.*

*Existe unha necesidade urxente de confrontar as políticas da Xunta de Galicia que deixa facer, pero non transforma, que vende como grandes logros o que en realidade son simples trámites. Tal é o caso da gratuidade das escolas infantís, que a Administración autonómica vendeu como propia cando son os concellos os que aportan o .....% deste servizo, incrementando considerablemente o gasto que teñen que asumir os concellos, ou a aportación no servizo de axuda no fogar, nunha sociedade cada vez máis envellecida e polo que a Xunta achega 5 €/h mentres que o custe real do servizo é de 21 €/h poñendo en perigo a viabilidade dun servizo*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

esencial para moitas familias. Ou o mantemento dos centros escolares que sendo titularidade da Consellería de Educación supón ás arcas municipais un incremento no gasto que vai aumentando ano a ano pola elevada antigüidade dos mesmos, xa que nas últimas décadas apenas se construíron centros novos e as reformas integrais dos mesmos rara vez chegan aos concellos gobernados por outras forzas políticas.

Outro exemplo deste reparto desigual é a recente subida do recibo do lixo debido á xestión de SOGAMA, onde a Xunta é quen queda co 100% do imposto ao tempo que non fai nada por cambiar un método insostible polo que a UE penaliza a Galicia. Se existise unha clara vontade de aliviar a carga dos cidadáns, a Administración autonómica bonificaría o 100% do incremento do recibo do lixo, e non só o 60% como anunciou de forma cando menos "maquillada".

Existe pois claramente unha distribución inxusta de competencias entre a Xunta e os concellos. transferindo responsabilidades aos municipios sen o financiamento adecuado, deixando que sexan os concellos quen cargue cos custos, asfixiando as contas municipais e limitando así as melloras na vida diaria das e dos cidadáns.

Pero a discriminación non só está patente nas competencias e custes asumidos pola Administración Autonómica en relación coas Entidades Locais, senón que é notoria tamén na distribución de fondos e axudas, que beneficia de forma desproporcionada aos municipios gobernados polo PP, fronte aos municipios gobernados por outros partidos, tal e como pode comprobarse cunha simple revisión das axudas outorgadas nos últimos anos pola Xunta de Galicia.

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

#### **A Corporación Municipal de Ponte deume insta:**

- Solicitar da Xunta de Galicia unha aportación económica máis equitativa para os Concellos, de xeito que as transferencias das responsabilidades vaian acompañadas de transferencias económicas que garantan a correcta prestación dos servizos.
- Solicitar á Xunta de Galicia a total transparencia no outorgamento de fondos autonómicos aos concellos, independentemente da orientación política dos seus equipos de goberno."

Continúa a Sra. Bellón dicindo que xa se tratou noutros plenos o problema de financiamento ás entidades locais que se asumen custos para prestar servizos que non competencia do Concello, tales como o mantemento dos centros escolares, axuda no fogar ou escolas infantís coa gratuidade da matrícula; e piden que se realmente teñen os concellos que asumir estes servizos deben vir acompañados dun financiamento autonómico

A Presidencia abre a quenda para o debate.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do BNG**, que día que entenden que a administración local é a que está máis preto da veciñanza, a que sabe mellor dos problemas que existen; que teñen coñecemento de que se asumen competencias impropias e incluso que algunhas que si son competencia do concello están infrafinanciadas, o que obriga a tirar de recursos do orzamento que irían adicados a outros servizos ou actividades; polo que indica que están de acordo co fondo da moción e cos puntos de acordo; o seu voto é a favor.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do Partido Popular (PP)**, para indicar que falar do tema de financiamento neste momento da actualidade, cando dende o goberno central se está a negociar un modelo de financiamento no que se prevé un trato singular para a comunidade autónoma de Cataluña, polo que di que non hai respecto para a comunidade galega nin para outras, e por suposto tampouco para as entidades locais.

Cita a **Sra. Pico Rodeiro**, tres que se transcriben a continuación:

- *Las órdenes y programación de inversión de la Xunta responden a criterios objetivos y transparentes.*
- *El 63% de las convocatorias de ayudas a los ayuntamientos se hacen en un régimen de competencia competitiva.*
- *La Xunta transferirá en todo el 2024 más de 62 millones de euros, un 6% más que en el 2023*

e di que cos titulares indicados "o di todo"

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicar que a propia concelleira do PP xa recoñece que o 37% das axudas aos concellos se reparten sen criterios obxectivos, e indica que os recursos que o Estado transfere para as comunidades autónomas está baseado en criterios obxectivos, independentemente de quen governe; non hai convocatoria de axudas para quen chegue antes entre comunidades, cousa que ocorre con frecuencia nas convocatorias da Xunta de Galicia, que abren convocatorias de achegas para concello por concorrencia non competitiva, ás veces as 00:00 horas; e dáse a casualidade de que o 90 e moito% desas convocatorias cae en concellos gobernados polo PP, que non son o 90 e pico% dos concellos de Galicia; e pon o exemplo do Plan Urbe, que en pouco máis de tres minutos esgotou os 13 millóns de euros.

Continúa dicindo que o Xunta trampea con esas convocatorias, avisando aos concellos do seu partido para que teñan preparada a documentación, xa que entre que sae a convocatoria e o prazo para presentala, o resto dos concellos non son capaces de conseguir toda a documentación necesaria para poder participar; di que lle gustaría saber que plan estratéxico de estrada ten a Xunta de Galicia, xa que é consciente de que nesta bisbarra as únicas estradas que se amañaron e teñen beirarrúas novas son estradas en Concellos gobernados polo PP. Indica que hai anos se puxeron en contacto coa Xunta para mellorar a estrada a Os Loureiros e que aínda están esperando a resposta para poder falar do tema. di que, tamén lle gustaría saber cal é o Plan estratéxico de subvencións da Xunta de Galicia porque o descoñece; que as entidades locais se financian obxectivamente a través do Fondo de Cooperación Local, na actualidade conxelado, a pesar do incremento das achegas por parte do Estado dos distintos gobernos; pero que a Xunta o manexa ao seu antollo, xa que se os concellos protestan porque lles fan asumir competencias impropias, ao final a Xunta di de





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

asumilas ela, pero retira os cartos do fondo de cooperación local dos Concellos; indica que no último ano lles retiraron aos concellos 13 millóns de euros para pagar servizos competencia da Xunta de Galicia. Indica que o Sr. Rueda sae dicindo “yo no voy admitir un reparto injusto para Galicia” e resulta que a Xunta de Galicia leva 20 anos facendo un reparto inxusto de recursos ás entidades locais; so aplica criterios obxectivos cunha parte mínima do fondo de cooperación, o resto do reparto obedece a criterios subxectivos, e aínda encima se prima a quen chega antes e se abren convocatorias fóra do horario laboral. Indica que podería poñer centos de exemplos de repartos discrecionais por parte da Xunta; D. Bernardo Fernández Piñeiro continúa falando dos convenios nominativos, que non sabe cales son os criterios empregados para que se leven a cabo; que no último ano o 93 % dos convenios nominativos foron para concellos gobernados polo PP, que son o 50 e pouco % dos concellos gobernados polo PP; e que gobernan a unha minoría dos galegos. Pide, concluíndo a súa intervención, que aos concellos se lles trate a todos por igual, que os concellos teñen que estar sempre a mendigar, que o que é deles non llelo dan e por riba o que non lles compete teñen que prestar o servizo con cargo aos seus orzamentos, citando o mantemento dos colexios, conserxarías dos centros educativos polos que non reciben nin un céntimo. Di que hai que ter unha lei que regule como os concellos reciben os recursos de maneira obxectiva; e aquí tamén inclúe a xestión que fai o Estado no reparto dos fondos *Next Generation*, porque non se entenden moitas veces cales son os criterios de reparto; polo que abogan por un reparto de fondos da Xunta con criterios obxectivos que se pactan non por convocatorias de achegas, como fai o Estado coas autonomías, incluída a Xunta.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, para dicir que todos coñecen as “trampas” que fai a Xunta, a última co canon de Sogama, aumentando, bonifícallo as entidades locais pero llo esta quita do fondo de cooperación; e quere incidir en que a propia concelleira do PP a sra. Pico, recoñece que só un 60% das subvencións que da a Xunta se reparten con criterios obxectivos.

Intervén a **Sra. Pico Rodeiro** para dicir que os concelleiros e concelleiras “*entenden o que queren entender*” e quen non hai moitos máis debate sobre este asunto.

Pregúntalle o **Sr. Presidente** á Sra. Pico Rodeiro se lle parece mal que a Xunta lle transfira os cartos do que custan os servizos competencia propia da Xunta, ao Concello, para que este preste o servizo ou se prefire que se usen os recursos propios do concello destinados a outros servizos ou actividades, para facer o que lle compete a Xunta, e pon de exemplo o mantemento e conserxaría de centros educativos; e por enriba indica que a Xunta obriga a prestar estes servizos sen dar nada a cambio. Dille a Sra. Pico que se ela considera que está ben así, pode respectalo pero non o comparte; e como alcalde que defende os intereses da veciñanza non comparte esa visión, que o concello, en centros educativos, está pagando aproximadamente 160.000 mil euros dunha competencia que non é propia.

**Don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do PP**, pregunta se o mantemento dos centros educativos non está dentro dun convenio entre a Xunta e a FEGAMP, ao que o **Sr. Presidente** responde que existiu o Pacto Local, co goberno do bipartito, onde todos os concellos e a Xunta chegaron ao acordo de que esta asumía os custes de mantemento dos centros de saúde e colexios; pero logo o goberno do Sr. Feijóo eliminou o







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pacto Local; non ten constancia de que a FEGAMP asinase ningún convenio para o mantemento dos colexios, ao contrario si lle consta que dende a FEGAMP se leva moito tempo reclamando que a Xunta asuma estes mantementos; don Bernardo Fernández Piñeiros da conta de varios exemplos de custos que asumen os concellos e que non lle corresponden, como son o servizo de axuda no fogar e a gardería municipal; e indica que independentemente do partido a que un este afiliado hai que ser capaces de ver que non é xusto, pero que se a Sra. Pico lle parece xusto, cada un defende a súa postura.

Intervén a concelleira do PP **dona Montserrat Pico Rodeiro** para dicirlle ao Sr. Presidente que está poñendo na súa boca palabras que ela non dixo.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

1. Solicitar da Xunta de Galicia unha aportación económica máis equitativa para os Concellos, de xeito que as transferencias das responsabilidades vaian acompañadas de transferencias económicas que garantan a correcta prestación dos servizos.
2. Solicitar á Xunta de Galicia a total transparencia no outorgamento de fondos autonómicos aos concellos, independentemente da orientación política dos seus equipos de goberno.

### 5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE: CANON SOGAMA

O Sr. Presidente da conta de que hai unha moción sobre o mesmo asunto presentada polo Partido Popular para o seu debate, se procede, pola vía de urxencia., polo que propón o debate conxunto das dúas mocións.

Todos os concelleiros e concelleiras presentes están de acordo.

Toma a palabra a concelleira portavoz do Grupo Municipal do PSOE, **dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura aos acordos da moción, que se transcribe a continuación:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.*

*Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.*

*No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.*

*A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en **66 euros por tonelada** suprimindo ademáis a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.*

*Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.*

*A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.*

*Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.*

*O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.*

*A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).*

*Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.*

*Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.*

*A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.*

*E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.*

*Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecostos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.*

*Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ponte deume presenta a seguinte:*

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

#### **A Corporación Municipal de Ponte deume insta**

- 1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.*
- 2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.*
- 3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.*
- 4-. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:*
  - 4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros*
  - 4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.*
  - 4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6. Que se constituía unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 - antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade”.

Tendo en conta que o debate vai ser conxunto, **a concelleira dona Montserrat Pico Rodeiro do grupo municipal do PP**, da lectura á moción presentada polo seu grupo para o seu tratamento pola vía de urxencia, se procede, cuxo contido se transcribe a continuación:

“A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos. De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, **o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de acordo**

- 1.- *Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.*
- 2.- *Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).*
- 3.- *Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025*

Toma a palabra don **Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para adiantar que o seu voto vai ser a favor, que é unha moción moi similar á presentada polo seu grupo no mes de xuño; pero quere aclarar os seguintes aspectos da moción.

Indica o **Sr. Curbeira Martínez** que no punto 3 da parte resolutiva da moción do grupo municipal do PSOE, non están de acordo en que a contía dos 12 millóns de euros se reparta por tonelada depositada, senón que se debería primar a reciclaxe, compostaxe; xa que senón estase a fomentar o mesmo modelo que aplica Sogama na actualidade, incineración e almacenaxe.

Continúa dicindo que no punto 4 da parte resolutiva da moción, teñan dúbidas da legalidade da cesión da cantidade total recadada sobre o imposto de vertedoiros á unha empresa por moito que teña participación pública.

Sobre os acordos da moción presentada polo PP, di o **Sr. Curbeira Martínez** que o imposto que grava a actividade do tratamento de residuos está cedido á Xunta dende o ano 2022; logo que se está culpando á Unión Europea e ao Goberno do Estado, da situación na que se atopa Sogama, que os datos reflicten que a porcentaxe de reciclaxe en Galicia e do 21% no 2022, e no Estado do 50%; o que indica que a Xunta de Galicia "*non fixo os deberes*"; polo que o seu voto vai ser en contra porque o modelo de Sogama é un modelo obsoleto baseado na incineración, sen fomento da reciclaxe ou compostaxe de maneira real.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, dicindo que entende a preocupación e malestar dos concellos pola subida do canon, di que o imposto é do Goberno Central, a Xunta deixa claro que aposta polos incentivos non pola penalización como vía para apostar polo reciclaxe. Indica que hai 17 países da Unión Europea que pediron unha moratoria para a aplicación deste imposto, polo que o Goberno do España podía facer o mesmo. Continúa dicindo que Sogama é o modelo máis barato que existe.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicirlle que o imposto non é por unha Lei estatal senón por unha directiva da Unión Europea do ano 2018 que os países membros teñen a obriga de traspoñer ao seu ordenamento xurídico, cuxo principio é "*quen contamina paga*"; polo que os





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

estados membros deben adaptar os seus modelos actuais por modelos menos contaminantes, e en Galicia temos un soterramento e incineración, que son os máis contaminantes. Continúa dicindo que dende o 2018 a Xunta non fixo nada por intentar cambiar ese modelo; que moitos países da Unión Europea adaptaron os seus modelos para favorecer a reciclaxe, alcanzando cifras do 80 % mentres que en Galicia estamos no 18%; sinala que que a Xunta comunicoulle aos concellos que había que implementar o colector marrón para residuos orgánicos pero resulta que non se construíron plantas novas, e enviar os residuos a Ourense ou Cerceda dispararía os custes; non existiron axudas para a compra destes tipo de colectores; di que hai un abandono total e absoluto por parte da Xunta de Galicia en canto a mellorar o sistema de tratamento de residuos, e como consecuencia de todo isto o concello pasará de pagar 68 a 108 euros por toneladas, e no ano 2020 entregáronse 2779 toneladas, o que dá aproximadamente cento e pico mil euros a maiores que hai que pagar a Sogama, empresa semipública con beneficios, logo do imposto do Estado, de 300.000 euros que non destina a non ter que subir o canon aos concellos. Conclúe a súa intervención dicindo que o Estado no pode suprimir a Lei, xa que estaría incumprindo unha directiva europea; que di o PP que se pode pedir unha moratoria, si é certo, pero que a Xunta leva 6 anos sen facer os deberes, que tivo tempo de sobra para adaptarse a un novo modelo de xestión de residuos; e por riba o canon se aplica por igual a todos os concellos, que dá igual que recicles máis ou menos o que no parece moi xusto; que a Xunta ten datos de reciclaxe por concellos e pode aplicar bonificacións a aqueles que reciclan máis; e dille a Sra. Pico que se lle parece xusto pois que tamén o respecta.

Toma a palabra a **concelleira dona Montserrat Pico Rodeiro do PP** para reiterar que o Sr. Presidente pon na súa boca palabras que ela non dixo; insiste en que se podería pedir unha moratoria; e que a casa non se pode comezar polo tellado.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, para comentar o que o grupo municipal do BNG dixo sobre o punto 3 do acordo da moción; que os 12 millóns de euros que se citan, xa están recadados por Sogama, xa se corresponde coas toneladas que cada concello depositou, pídesse que se devolva a cada concello o que ingresou.

Neste punto do debate, insisten os membros do grupo municipal do BNG que non se debería repartir por igual os 13 millóns de euros, que hai que primar a quen recicla ou a quen fai compostaxe.

Entón o Sr. Presidente propón modificar o punto 3 de xeito que

Onde dí:

*3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local*

Dirá:

*3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto un criterio obxectivo.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.*

En relación ao punto 4 da moción do PSOE, o Sr. Presidente propón unha nova redacción, tal e como se pactou con partido do BNG no seo da Deputación da Coruña, de xeito que:

Onde di:

*Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser .*

Dirá:

*Que achegue a SOGAMA as cantidades necesarias para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser .*

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do BNG**, que aceptan as modificacións propostas; e engade que parte da xustificación que a Xunta pon para subir o canón é a subida do gas que se emprega para sacar o lixo que se queima, o que indica que o modelo é obsoleto de todo; reitéralle ao grupo municipal do PP que a directiva non é do mes pasado, e que a Xunta non tomou medida algunha e que non se pode cargar aos concellos cos erros que a Xunta comete.

Pecha o debate o **Sr. Presidente** para dar o dato de que Sogama incrementará os ingresos pola venda de enerxía que xera no proceso de incineración nun 88 % polo que con ese incremento debería compensar a subida do canon.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción presentada polo PSOE coas modificacións proposta no punto 3 e 4 indicadas, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

**1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.**

**2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto un criterio obxectivo. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.

4. Que achegue a SOGAMA as cantidades necesarias para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser .

4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros

4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6. Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade

- FÓRA DA ORDE DO DÍA:

### MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME EN RELACIÓN A SOGAMA,

De seguido, sométese a votación a urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP).







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A continuación sométese a votación a moción presentada polo PP, transcrita no punto 5 da orde do día, quedando **REXEITADA** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS EN CONTRA (9)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **DOUS VOTOS A FAVOR (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago Jose Rodriguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro.

### 6.- DAR CONTA DO DITADO NO DECRETO 527/2024 DE 13.09.2024 DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2025

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 527/2024 DE DATA 13-09-2024 DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2025**

*Dáse conta do ditado do Decreto da Alcaldía núm. 527/2024 de data 13-09-2024, do seguinte teor que se transcribe:*

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2025.-**

**EXPEDIENTE Nº 2024/X999/000321**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

*Visto que a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 15.1 a obriga de remitir anualmente información respecto das liñas fundamentais nas que se enmarcará a elaboración do orzamento do ano seguinte*

*Visto que o artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Hacienda (MINHAP) habilite para o efecto.*

*Tendo en conta a remisión de información ao Ministerio dos marcos orzamentarios O 13/03/2024 para os anos 2025-2027; e que con data do 17/07/2024 enviouse a información relativa á execución do segundo trimestre do ano en curso, con avance da previsión de liquidación do ano 2024,*

*E sendo que a remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2025 debe realizarse ata o 14/09/2024,*

*Visto que en aplicación do antedito quedaría como segue:*

*Polo que se refire aos INGRESOS:*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Realízase unha previsión prudente do recollido nos marcos orzamentarios 2025-2027 para a liquidación do exercicio 2024, axustado coa información de execución trimestral correspondente ao segundo trimestre e comunicada ao Ministerio a través de páxina web da Oficina Virtual das entidades locais, así como coas modificacións de crédito que se teñen tramitado e/ou se pretenden tramitar ata fin de exercicio,

Polo que se refire aos GASTOS:

Polo que se refire á previsión de gastos, reitérase o sinalado nos marcos orzamentarios 2025-2027, axustado coa información trimestral correspondente ao segundo trimestre e comunicada ao Ministerio a través de páxina web da Oficina Virtual das entidades locais, así como coas modificacións de crédito que se teñen tramitado e/ou se pretenden tramitar ata fin de exercicio. Faise constar que a maior dotación do capítulo 1 vén determinada pola necesidade de orzamentar todos os postos incluídos na Relación de postos de traballo, aínda que estean vacantes e non vaian ser ofertados, se ben se adaptan ás previsións aos demás capítulos tendo en conta as modificacións que sofre o sobranse do dito capítulo 1.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** – Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para o exercicio 2025 segundo o seguinte:

INGRESOS	Ano 2024 (estimación DRN*)	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025 (estimación previsións iniciais)
Ingresos correntes. Derivados de evolución tendencial	7.555.000	3.92	7.851.000
Ingresos de capital. Derivados de evolución tendencial	685.000	-73.72	180.000
Ingresos financeiros	3.600	177.78	10.000
TOTAL	8.243.600	-2.46	8.041.500

DRN\*: Dereitos recoñecidos netos

INGRESOS CORRENTES	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
Capítulo 1 y 2: Impostos directos e indirectos	2.430.000	19.92	2.914.000
Imposto sobre Bens Inmóbeles	1.550.000	9.68	1.700.000
Imposto sobre Actividades Económicas	250.000	7.20	268.000
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	380.000	12.11	426.000
Imposto sobre Incremento del Valor de los Terreos de Natureza Urbana	170.000	0	170.000





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	80.000	337.5	350.000
Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	1.800.000	3.33	1.860.000
Capítulo 4: Transferencias correntes	3.300.000	-7.3	3.059.000
Participación en tributos do Estado	2.216.000	-15.39	1.875.000
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	1.084.000	9.23	1.184.500
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	25.000	-28	18.000
<b>Total de Ingresos correntes</b>	<b>7.555.000</b>	<b>3.92</b>	<b>7.851.500</b>
INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
Capítulo 6. Alleamento de investimentos	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	685.000	-73.72	180.000
<b>Total de Ingresos de Capital</b>	<b>685.000</b>	<b>-73.72</b>	<b>180.000</b>
INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	3.600	177.78	10.000
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	0	0	0
<b>Total de Ingresos Financeiros</b>	<b>3.600</b>	<b>177.78</b>	<b>10.000</b>

GASTOS	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
Gastos correntes. Derivados de evolución tendencial	7.439.500	3.92	7.731.500
Gastos de capital. Derivados de evolución tendencial	795.000	-62.26	300.000
Gastos financeiros	9.500	5.26	10.000
<b>TOTAL</b>	<b>8.244.000</b>	<b>-2.46</b>	<b>8.041.500</b>

GASTOS CORRENTES	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
Capítulo 1: Gastos de persoal	2.903.000	15.91	3.365.000
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	4.020.000	-4.23	3.850.000
Capítulo 3: Gastos financeiros	1.500	0	1.500
Capítulo 4: Transferencias correntes	515.000	0	515.000





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Total de Gastos Correntes	7.439.500	3.92	7.731.500
<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
Capítulo 6. Inversións reais	795.0000	-62.26	300.000
Capítulo 7. Transferencias de capital	0	0	0
Total de Gastos Capital	795.0000	-62.26	300.000
<b>GASTOS FINANCEIROS</b>	Ano 2024	% taxa variación 2025/2024	Ano 2025
C. 8. Activos financeiros	9.500	5.26	10.000
Achegas patrimoniais	0	0	0
Outros gastos en activos financeiros	9.500	5.26	10.000
C.9. Pasivos financeiros	0	0	0
Total de Gastos Financeiros	9.500	5.26	10.000

### Saldos, capacidade/necesidade de financiamento, débeda viva:

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	Ano 2024	Ano 2025
Saldo de Operacións correntes	115.500	120.000
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	115.500	120.000
- Derivados de modificacións políticas (*)	0	0
Saldo de Operacións de capital	-110.000	-120.000
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-110.000	-120.000
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00
Saldo de Operacións non financieras	5.500	0
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.500	0
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00
Saldo de Operacións financieras	-5.900	0
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-5.900	0
- Derivados de modificacións políticas (*)	0	0
Saldo Operacións non financieras	5.500	0
(+/-) Axustes para o cálculo de capacidade/ necesidade de financiación. SEC-10 (por conta 413, gastos pendentes de aplicar a orzamento)	0	0
Capacidade ou necesidade de financiación	5.500	0
Deuda viva a 31/12	471.186,94	471.186,94





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A corto prazo	0	0
- A longo prazo	471.186,94	471.186,94
Ratio de Deuda viva/ Ingresos Correntes	0,06	0,06

**SEGUNDO.** - Dar conta aos Servizos Económicos para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste Decreto para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**.

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 7.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia.

### 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### "PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

#### **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA AO PLENO ORDINARIO DO DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2024.**

Expediente TEdE: 2024/G006/000211

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **419/2024** de 18 de xullo ao **563/2024** de 20 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000472	Axudas de emerxencia social municipal	00419/2024	18-07-2024 14:40
2024/G003/000474	Sesión ordinaria do pleno de 23 de xullo de 2024	00420/2024	18-07-2024 14:40
2024/G003/000473	Cambio de numeración de vivenda solicitado previo informe policía- de lugar Parga s/n - Boebre	00421/2024	19-07-2024 13:51
2024/G003/000478	Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 76*****n	00422/2024	22-07-2024 09:47
2024/G003/000479	Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 76*****w	00423/2024	22-07-2024 09:47
2024/G003/000469	Aprobación relación de facturas F/2024/27. Subministración eléctrica.-	00424/2024	22-07-2024 09:47
2024/G003/000470	Aprobación relación de facturas F/2024/28.-	00425/2024	22-07-2024 13:02
2024/G003/000395	Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en San Cosme (Nogueirosa)" (POS + adicional 2/2021)	00426/2024	23-07-2024 14:47
2024/G003/000488	Ordenación pago relación facturas F/2024/26 e fras.cta.413, recoñecemento extraxudicial de crédito pleno 23/07/2024	00427/2024	23-07-2024 14:47
2024/G003/000486	Expediente sancionador de tráfico AI 9950000032339	00428/2024	24-07-2024 09:23
2024/G003/000487	Expediente sancionador de tráfico AI 9950000032337	00429/2024	24-07-2024 09:23
2024/G003/000485	Expediente sancionador de tráfico AI 9950000032263	00430/2024	24-07-2024 09:23
2024/G003/000490	Modificación de crédito número 16. Xeración de crédito 9. Impermeabilización cuberta piscina.-	00431/2024	24-07-2024 12:20
2024/G003/000426	Venda directa de produtos primarios polas persoas produtoras á persoa consumidora final emprazadas nas instalacións do mercado municipal.	00432/2024	24-07-2024 12:20
2024/G003/000489	Delegacións de alcaldía presidencia mandato corporativo 2023-2027: do 26 ao 31 de xullo	00433/2024	24-07-2024 14:10





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000475	Nomeamento secretaria accidental xullo/agosto/set 24	00434/2024	24-07-2024 14:10
2024/G003/000491	Modificación de crédito 17, xeración de crédito 10. Auditoría rede saneamento.-	00435/2024	24-07-2024 14:10
2024/G003/000481	Renovación de tramo de saneamento en Vizús	00436/2024	24-07-2024 14:10
2024/G003/000480	Renovación do saneamento e pluviais na Avenida de Ferrol	00437/2024	24-07-2024 14:10
2024/G003/000477	Pagamento taxas	00438/2024	24-07-2024 14:10
2024/G003/000493	Convocatoria da sesión ordinaria da XGL de día 26 de xullo de 2024	00439/2024	24-07-2024 14:27
2024/G003/000496	Modificación do réxime da sesión da XGL de día 26 de xullo de 2024	00440/2024	26-07-2024 10:16
2024/G003/000497	Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 32*****B	00441/2024	26-07-2024 13:33
2024/G003/000495	Proposta de alta no servizo de axuda no fogar de libre concorrencia polo procedemento de emerxencia.	00442/2024	26-07-2024 13:34
2024/G003/000492	Elaboración de nóminas-incidencias nómina mes xullo 2024.	00443/2024	29-07-2024 10:44
2024/G003/000494	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes xullo 2024.	00444/2024	29-07-2024 10:43
2024/G003/000476	Liquidación de tributos seguridade social xuño 2024	00445/2024	29-07-2024 12:36
2024/G003/000498	Solicitude de tarxeta de estacionamento por discapacidade. JMCB	00446/2024	31-07-2024 10:19
2024/G003/000483	Aceptación subvención fondo de cooperación local 2024. Cuberta da piscina municipal	00447/2024	31-07-2024 10:11
2024/G003/000500	Renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida por caducidade	00448/2024	31-07-2024 10:07
2024/G003/000501	Solicitude subvención socorristas 2.020	00449/2024	31-07-2024 18:15
2024/G003/000331	Solicitude subvención agader 2023	00450/2024	01-08-2024 11:02
2024/G003/000503	Proposta de baixa e proposta de alta no servizo de axuda no fogar de	00451/2024	01-08-2024 11:02





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	dependencia.		
2024/G003/000507	Solicita: facer efectiva a cota de asociado	00452/2024	02-08-2024 13:11
2024/G003/000499	Solicita vao para garaxe entrada vivenda	00453/2024	02-08-2024 13:11
2024/G003/000510	Incoación expediente de contratación	00454/2024	06-08-2024 12:09
2023/G003/000551	Tramitación subvenciones nominativa festas das peras 2022.	00455/2024	07-08-2024 11:44
2024/G003/000506	Concesión 242 m2 por ocupación de DPMT destino cantina, almacén y aseos en el paseo marítimo de Ponte deume, TM Ponte deume	00456/2024	07-08-2024 13:13
2024/G003/000505	Proposta de baixa e proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia.	00457/2024	07-08-2024 13:13
2024/G003/000511	Aparcamiento en rúa Empedrado, 21, referencia catastral	00458/2024	07-08-2024 13:13
2024/G003/000516	Decreto convocatoria sesión ordinaria da XGL de día 08 de agosto de 2024	00459/2024	07-08-2024 13:34
2024/G003/000484	Decreto padrón auga 2t2024	00460/2024	08-08-2024 12:59
2024/G003/000514	Tramitación convenios- atención temperá 2024	00461/2024	08-08-2024 13:31
2024/G003/000517	Aprobación plans	00462/2024	08-08-2024 14:01
2024/G003/000508	Aprobación relación de facturas: F/2024/29	00463/2024	08-08-2024 14:01
2024/G003/000504	Alta padrón recollida de lixo	00464/2024	08-08-2024 14:56
2024/G003/000509	Convocatoria selección Persoal-procesos selección técnico de xestión A2, OEP 2024	00465/2024	09-08-2024 12:38
2024/G003/000518	Alta editores na aplicación da base de datos nacional de subvencións	00466/2024	09-08-2024 16:42
2024/G003/000357	Contrato para a execución das obras contidas no proxecto "Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña."	00467/2024	09-08-2024 16:42
2024/G003/000522	Listados definitivos de admitidas/os, reservas de praza de alumnas/os de anos anteriores e listaxe de espera da escola infantil municipal (EIM)	00468/2024	12-08-2024 12:58







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	"chalé rosa" de Ponte deume		
2024/G003/000521	Solicitud subvención promoción económica deputación 2024	00469/2024	12-08-2024 12:58
2024/G003/000012	Decreto pago 90% da subvención 2023	00470/2024	13-08-2024 19:56
2024/G003/000520	Solicita acceso aos planos do baixo nº 13 da Praza do Conde	00471/2024	14-08-2024 12:13
2024/G003/000519	Solicitud de acceso a información pública: copia dos planos do baixo nº 24 da rúa Pescadería	00472/2024	14-08-2024 12:13
2024/G003/000523	Declaración IRPF mod 111-xullo 2024	00473/2024	19-08-2024 11:10
2024/G003/000515	Aprobación do proxecto	00474/2024	20-08-2024 12:33
2024/G003/000527	Delegacións de alcaldía presidencia mandato corporativo 2023-2027	00475/2024	20-08-2024 14:53
2024/G003/000524	Rectificación do nomeamento de secretaria accidental efectuado por decreto 434/2024 de 24.07.2024	00476/2024	20-08-2024 14:53
2024/G003/000528	Sesión ordinaria da XGL de día 22 de agosto de 2024	00477/2024	21-08-2024 12:12
2024/G003/000530	Modificación de créditos número 18, transferencia de crédito 6.-	00478/2024	21-08-2024 12:48
2024/G003/000531	Modificación de crédito 19, xeración de crédito 11. Rede cultural.-	00479/2024	21-08-2024 13:55
2024/G003/000512	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000032459	00480/2024	22-08-2024 13:22
2024/G003/000513	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000032384	00481/2024	22-08-2024 13:22
2024/G003/000534	Pago a xustificar compra de pintura -centro municipal de maiores-	00482/2024	22-08-2024 14:39
2024/G003/000529	Contrato menor de servizos para a realización do "Proxecto de descrición da serie documental de actas de Pleno" ao abeiro da convocatoria da de axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos para o ano 2024, da Consellaría de cultura, educación, formación profesional e universidades da Xunta de Galicia	00483/2024	22-08-2024 14:39
2024/G003/000537	Rectificación de erros materiais	00484/2024	23-08-2024 10:08





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	decreto adxudicación		
2024/G003/000532	Aprobación relación de facturas F/2024/30.-	00485/2024	23-08-2024 11:03
2024/G003/000538	Solicitud de voda para o 23/08/2024 no salón de plenos da casa do Concello	00486/2024	23-08-2024 11:03
2024/G003/000540	Delegacións de alcaldía presidencia mandato corporativo 2023-2027	00487/2024	23-08-2024 11:03
2024/G003/000525	Seguros sociais xullo 2024	00488/2024	26-08-2024 12:29
2024/G003/000536	Elaboración de nóminas-nómina agosto 2024	00489/2024	26-08-2024 12:28
2024/G003/000526	Convocatoria selección Persoal-procesos selección técnico de xestión A2, OEP 2024	00490/2024	26-08-2024 14:39
2024/G003/000533	Solicitud de ampliación de horas no servizo de axuda no fogar de dependencia	00491/2024	26-08-2024 14:41
2024/G003/000535	Elaboración de nóminas-nómina agosto 2024	00492/2024	26-08-2024 14:43
2024/G003/000502	Pel concellos-deputación 2024	00493/2024	26-08-2024 14:44
2024/G003/000544	Seguros sociais xullo 2024	00494/2024	27-08-2024 10:33
2024/G003/000545	Aprobación plans	00495/2024	27-08-2024 13:42
2024/G003/000539	Impermeabilización de nichos do cemiterio de Breamo	00496/2024	27-08-2024 18:40
2024/G003/000546	Solicitud subvención Agadic 2024	00497/2024	28-08-2024 13:19
2024/G003/000248	Organización de actos públicos día do deporte e a igualdade	00498/2024	30-08-2024 12:01
2024/G003/000542	Aprobación expediente contratación	00499/2024	30-08-2024 12:06
2024/G003/000550	Expediente de rectificación (segunda) do nomeamento secretaria accidental efectuado por decreto 343/2024 de 24.07.2024	00500/2024	02-09-2024 10:27
2024/G003/000551	Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida. MJCA	00501/2024	02-09-2024 14:11
2024/G003/000553	Solicitud de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00502/2024	03-09-2024 13:37
2024/G003/000547	Expediente sancionador de tráfico	00503/2024	03-09-2024 13:37





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	AI 99500000032596		
2024/G003/000552	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000032645	00504/2024	03-09-2024 13:37
2024/G003/000562	Delegacións de funcións de alcaldía do 4 ao 8 de setembro (ambos os dous incluídos)	00505/2024	04-09-2024 11:47
2024/G003/000563	N.i.g 1530 45 3 2024 0000287 procedemento abreviado 0000071/2024	00506/2024	04-09-2024 12:40
2024/G003/000549	Solicitud de servizo de axuda no fogar de dependencia	00507/2024	05-09-2024 16:25
2024/G003/000554	Solicitud de ampliación de horas no saf de dependencia	00508/2024	05-09-2024 16:25
2024/G003/000556	Solicitud de ampliación de horas no saf de dependencia.	00509/2024	05-09-2024 16:25
2024/G003/000558	Solicitud de ampliación de horas no saf de dependencia	00510/2024	05-09-2024 16:26
2024/G003/000561	Solicitud de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00511/2024	05-09-2024 16:23
2024/G003/000567	Solicitud de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00512/2024	05-09-2024 16:23
2024/G003/000548	Axudas de emerxencia social municipal	00513/2024	05-09-2024 16:23
2024/G003/000571	Expediente de concesión praza, lista de espera, para a escola infantil municipal " Chalé Rosa" de Ponte deume. Curso 2024/2025	00514/2024	05-09-2024 16:22
2024/G003/000575	Sesión extraordinaria e urxente do Pleno do concello de Ponte deume de 09 de setembro de 2024	00515/2024	06-09-2024 10:05
2024/G003/000573	N.i.g 1530 45 3 2024 0000287 procedemento abreviado 0000071/2024	00516/2024	06-09-2024 12:31
2024/G003/000569	Elaboración de nóminas- rectificación decretos nómina xuño- xullo-agosto 2024	00517/2024	06-09-2024 15:24
2024/G003/000570	Liquidación de tributos-rectificación	00518/2024	06-09-2024 15:24





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	decretos seguros sociais maio, xuño-xullo 2024		
2024/G003/000559	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000032742	00519/2024	06-09-2024 15:23
2024/G003/000560	Expediente sancionador de tráfico DR 99500000032673	00520/2024	06-09-2024 15:23
2024/G003/000566	Expediente sancionador de tráfico ai 99500000032842	00521/2024	06-09-2024 15:23
2024/G003/000577	Solicitude para colocación dunha barra na beirarrúa da rúa Betanzos nº 6 durante as festas das peras do 6 ao 11 de setembro	00522/2024	06-09-2024 15:22
2024/G003/000574	Solicitude subvención pacto de estado convocatoria 2023	00523/2024	06-09-2024 15:22
2024/G003/000580	Expediente de rectificación (segunda) do nomeamento secretaria accidental efectuado por decreto 343/2024 de 24.07.2024	00524/2024	11-09-2024 13:23
2024/G003/000568	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes xuño 2024	00525/2024	13-09-2024 12:27
2024/G003/000579	Modificación de crédito número 21, transferencia de crédito número 7.-	00526/2024	13-09-2024 12:27
2024/G003/000576	Liñas fundamentais orzamento 2025.-	00527/2024	13-09-2024 12:43
2024/G003/000578	Expediente sancionador de tráfico ai 99500000032532	00528/2024	13-09-2024 12:43
2024/G003/000572	Liquidación de tributos- mod 111 IRPF agosto 2024	00529/2024	16-09-2024 09:19
2024/G003/000582	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00530/2024	16-09-2024 09:19
2024/G003/000581	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00531/2024	16-09-2024 09:19
2024/G003/000565	Renovación de tramo de saneamento en Vizús	00532/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000586	Relación de altas, baixas e	00533/2024	18-09-2024 11:26





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	<i>modificacións no padrón municipal de habitantes no mes de abril do ano 2023</i>		
2024/G003/000588	<i>Aprobación dos padrón s do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia do mes de xullo 2024</i>	00534/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000605	<i>Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025</i>	00535/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000608	<i>Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025</i>	00536/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000607	<i>XXVII premio de investigación do concello de Ponte deume</i>	00537/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000589	<i>Solicitude de inscrición en actividades de conciliación : talleres culturais curso 2024/2025</i>	00538/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000587	<i>Expediente sancionador de tráfico AI 99500000032930</i>	00539/2024	18-09-2024 11:26
2024/G003/000590	<i>Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación ruelas/rueiros de verán 2024</i>	00540/2024	18-09-2024 13:53
2024/G003/000583	<i>Expediente sancionador de tráfico DR 99500000032882</i>	00541/2024	18-09-2024 13:53
2024/G003/000606	<i>Solicitude subvención escolas infantís</i>	00542/2024	18-09-2024 13:52
2024/G003/000611	<i>Sesión ordinaria da XGL de 19 de setembro de 2024</i>	00543/2024	18-09-2024 15:20
2024/G003/000610	<i>Sesión ordinaria da Comisión informativa permanente de asuntos xerais de pleno de día 23 de setembro de 2024</i>	00544/2024	18-09-2024 15:20
2024/G003/000609	<i>Sesión ordinaria da comisión informativa permanente de asuntos económicos e facenda de día 23 de setembro de 2024</i>	00545/2024	18-09-2024 15:20
2024/G003/000615	<i>Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo</i>	00546/2024	20-09-2024 11:59





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025		
2024/G003/000564	Aprobación relación de facturas F/2024/31.-	00547/2024	20-09-2024 11:57
2024/G003/000614	Expediente sancionador de tráfico DR 11631-2024	00548/2024	20-09-2024 11:57
2024/G003/000612	Expediente sancionado de tráfico AI 99500000033005	00549/2024	20-09-2024 11:57
2024/G003/000618	Solicitud de inscripción en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00550/2024	20-09-2024 11:57
2024/G003/000593	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00551/2024	19-09-2024 19:31
2024/G003/000594	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00552/2024	19-09-2024 19:32
2024/G003/000600	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00553/2024	19-09-2024 19:32
2024/G003/000601	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00554/2024	20-09-2024 10:36
2024/G003/000602	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00555/2024	20-09-2024 10:36
2024/G003/000603	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00556/2024	20-09-2024 10:37
2024/G003/000596	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00557/2024	20-09-2024 10:37
2024/G003/000595	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de	00558/2024	20-09-2024 10:38





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	estabilización de emprego temporal de longa duración		
2024/G003/000597	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00559/2024	20-09-2024 10:38
2024/G003/000604	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00560/2024	20-09-2024 10:38
2024/G003/000598	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00561/2024	20-09-2024 10:38
2024/G003/000599	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00562/2024	20-09-2024 10:39
2024/G003/000616	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00563/2024	20-09-2024 10:41

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

O presidente indica que hai unha moción máis presentada pola vía de urxencia que é a seguinte:

#### **MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A CONDENA DO XENOCIDIO EN GAZA E A OCUPACIÓN DA PALESTINA.**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (7 PSOE, 2 BNG e 2 PP).

Toma a palabra don **Manuel Aaron Curbeira Martínez**, concelleiro do partido municipal do **BNG**, que da lectura a moción presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Desde o Grupo Municipal do BNG vemos con grande preocupación a grave situación que se está vivindo na Palestina e cremos que compartimos estes sentimentos coa maioría da veciñanza. Sendo o concello a institución máis próxima ao sentir da cidadanía, consideramos imprescindible que o Concello de Ponte deume faga súa esta preocupación e as demandas do sentir popular e denuncie a grave vulneración do dereito internacional e os crimes de guerra que día a día e ano tras ano está a cometer o Estado de Israel.

O pobo palestino está a sufrir unha agresión brutal e inhumana, non só desde o 7 de Outubro, senón desde hai máis de 76 anos. O estado de Israel leva décadas de ocupación ilegal dos territorios palestinos e utiliza a forza militar e a violencia para impor a súa presenza e manter un réxime de Apartheid na Palestina.

Os terribéis ataques e bombardeos en Gaza deixan máis de 41.000 vítimas mortais, milleiros de persoas desaparecidas e feridas que non teñen posibilidade de atención médica. Unhas cifras terribéis que aumentan co paso dos días. A destrución dos fogares da maioría da poboación de Gaza, o derrubamento de infraestruturas civís, sen respectar nin escolas nin hospitais, está a provocar o desprazamento forzado de centos de milleiros de habitantes da faixa cara as chamadas “zonas seguras” nas que tampouco se respecta a poboación civil. Os cortes de subministracións e o peche total das fronteiras baixo control de Israel teñen como consecuencia unha grave desnutrición e fame, especialmente nos máis vulnerábeis, e a morte de persoas enfermas e feridas que non teñen acceso a medicamentos nin atención médica, situación que denuncian organizacións internacionais como a OMS, a Cruz Vermella, a Media Lúa Vermella ou Médicos sen Fronteiras.

Na Palestina ocupada é preocupante a escalada de violencia e do roubo de terras para asentamentos ilegais.

Desde outubro de 2023 máis de 652 palestinas foron asasinadas fóra de Gaza, incluíndo 150 menores, milleiros de persoas desprazadas pola violencia, a ocupación e o roubo das súas propiedades e máis de 12.000 persoas detidas en prisións israelís sen cargos nin xuízos.

O pasado 18 de Setembro, a Asemblea Xeral da ONU adoptou por abafante maioría unha resolución para esixir a fin da ocupación dos territorios palestinos. Esta resolución “pide a Israel que poña fin sen demora á súa presenza ilegal nos territorios palestinos ocupados, incluído Xerusalén Este”. Esixe ademais, a Israel que devolva as terras roubadas á poboación palestina, permita o retorno ás persoas desprazadas e proceda a reparar aos damnificados, e piden, ademais, á comunidade internacional que non recoñeza as consecuencias territoriais, legais nin demográficas da ocupación de territorio palestino.

Por todo isto, en defensa dos Dereitos humanos, dos que toda persoa e pobo debe gozar, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Instar ao Goberno municipal a apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 6 de outubro en Compostela.

3. Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.

4. Manifestar a total solidariedade do Concello de Ponte deume con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.

5. Instar á Unión Europea a dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.

6. Instar á UE, ao Estado español e ao Goberno da Xunta de Galiza a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse coa atención sociosanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co estado de Israel.

7. Solicitar á UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional.

8. Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.

9. A Corporación municipal do Concello de Ponte deume recoñece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo"

Engade o **Sr. Curbeira** que é unha moción presentada polo BNG, a instancia da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, quen está convocando todo tipo de mobilizacións, actos e campañas de solidariedade con Palestina.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, para dicir que sempre condenan todo tipo de acto terrorista ou toda agresión, "veña de onde veña e vaia onde vaia"; e indica que en relación ao punto 5 do acordo, que o PP xa presentou no Parlamento da UE unha iniciativa para que se mantenga esa axuda e que incluso se aumente; e en relación ao punto 9, quere recordar que só poden recoñecer o Estado Palestino os xefes do Estado, o Presidente do Goberno e o Ministro de Exteriores; e finalmente entenden que romper as relacións diplomáticas non é a mellor solucións para acabar cos conflitos.

Responde o **Sr. Curbeira Martínez** que o de recoñecer o Estado Palestino é algo simbólico, que xa o Estado Español o recoñeceu.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do PSOE**, para indicar que hai unha incongruencia nas petición xa que por unha banda, no punto 6 pide que se





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

rompan as relacións diplomáticas e por outra no punto 7, solicítase maior esforzo... a través de relacións diplomáticas.

Responde o **Sr. Curbeira Martínez**, que unha cousa e romper relacións diplomáticas cun Estado e outra seguir mantendo negociacións cun equipo de mediación.

Toma a palabra o **Sr. Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro**, quen entende que se poden romper relacións comerciais pero non diplomáticas porque dalgunha maneira hai que dialogar aínda que na actualidade Israel non escoita a ninguén. En relación ao punto 1 do acordo da moción, propón engadir tamén unha condena das accións armadas de Hezbolá e Hamás cara Israel, xa que todos estas accións provocan vítimas inocentes; sinala que, en relación ao punto 2 de difundir a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino; indicando que o Concello pode apoiar e asistir a mobilizacións pero que en ningún momento difunde mobilizacións, nin o fixo con mobilizacións convocadas pola sanidade pública, nin pola educación, nin o fixo coa guerra de Ucraína, polo tanto manifesta que non poden dar o seu apoio a este punto; no que respecta ao punto 9, "*Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista*", que o concello non está internacionalizado en eventos deportivos, pero si que ao mellor no festival internacional de folclore se decide traer a un grupo sionista; entende que eles non teñen culpa; que no se pode condenar a participación deses grupos por ser israelís.

Continúa o **Sr. Presidente**, sobre o punto 10, "*A Corporación municipal do Concello de Ponte deume recoñece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo*" propón a seguinte modificación: "*O concello de Ponte deume recoñece o Estado de Palestina, nos termos aprobados recentemente polo goberno do Estado*".

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez**, para responder as modificacións propostas polo Sr. Presidente; indicando sobre o punto 1 no se pode igualar as violencias, que poden vir de ambos lados, que vítimas civís existen en todas as guerras; pero que non se pode comparar o réxime de opresión ao que se someteu e somete ao pobo palestino, sendo o estado de Israel o que ocupou os territorios co amparo de moitos outros estados entre eles Estados Unidos; non se pode comparar ao opresor co oprimido, xa que Palestina é un pobo desarmado practicamente. Continúa dicindo que tampouco lle parece correcto meter na moción os problemas do Líbano con Israel; no que respecta ao punto 2, están dispostos eliminar o termo difundir; pero indica que a moción debe ser votada no seu conxunto, non van aceptar votar por puntos.

Continúan debatendo sobre este punto 2 e finalmente proponse a seguinte redacción:

*2. Instar á corporación de Ponte deume a participar na mobilización nacional de apoio ao pobo Palestino*

Toma de novo a palabra o **Sr. Curbeira Martínez**, para falar sobre o punto 6, dicindo que o que se pide nese punto é o mesmo que se fixo ca recente guerra de Ucraína, que a Unión Europea apartou a Rusia de todo tipo de organismos, eventos, deixando a deportistas, profesores...





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

entón parece que hai unha dobre vara de medir; e indica que Israel e un estado de recente creación gobernado pola extrema dereita, cun movemento nacionalista moi forte, que usa accións culturais no estranxeiro para branquear un réxime de "apartheid", comparable co que pasou en Sudáfrica; por iso inciden nas restricións de tipo cultural e deportivo.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que indica que el non comparten ese punto 6. Don Bernardo Fernández Piñeiro, di que vítimas son os dous países, que a diferenza non está nos mortos senón na capacidade armamentística que teñen os países, sendo Israel o máis armado; a intencionalidade de asasinar é a mesma; que aquí hai un conflito de dous países que ningún existía no seu momento, xa que Palestina ata a 1ª guerra mundial era siriootomana, dependía do Imperio Otomano (Turquía); e logo do pacto de Versalles se crean os dous estados de Palestina e Israel; e é verdade que este non cumpriu cos límites xeográficos ocupando territorio de Palestina; que o goberno do concello de Ponte deume non comparte.

*[Sendo as 13:50 horas o concelleiro don Joshua Dopico López abandona o Salón de Plenos.]*

Continúa o debate sobre o conflito entre o estados de Palestina e Israel, que deriva en comparación con outros conflitos bélicos como a guerra civil española.

Finalizado o debate e a vista da negativa a votar por puntos do grupo municipal do BNG e de aceptar as emendas propostas polo PSOE; acordan os grupos políticos que comparten o espírito da moción, polo que están de acordo en negociar outra moción sobre este tema, para traer de novo ao Pleno.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DOUS VOTOS A FAVOR (2)**, dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **OITO ABSTENCIÓNS** (8) dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (6), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero e D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago Jose Rodriguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

1. Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.
2. Instar ao Goberno municipal a apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 6 de outubro en Compostela.
3. Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.
4. Manifestar a total solidariedade do Concello de Ponte deume con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Instar á Unión Europea a dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.
6. Instar á UE, ao Estado español e ao Goberno da Xunta de Galiza a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse coa atención sociosanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co estado de Israel.
7. Solicitar á UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional.
8. Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.
9. A Corporación municipal do Concello de Ponte deume recoñece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo.

*[Sendo as 13:52 horas o concelleiro don Joshua Dopico López regresa ao Salón de Plenos.]*

### 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Tal e como figura na acta da sesión ordinaria de Pleno de día 23.07.2024, transcribese a continuación as preguntas e respostas presentada para o citado pleno, por non remitirse aos grupos políticos antes do inicio da sesión.

#### 10.1.- RESPONSA Á PREGUNTA FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO 23.07.2024

MEMORIA DEMOCRÁTICA. O pasado 9 de xullo o goberno anunciaba a través das redes sociais do Concello o remate das obras no entorno da praza Maestro Álvaro Vázquez Penedo. Desde o BNG temos constancia da problemática de filtracións de auga nos semi-sótanos da praza Maestro Álvaro Vázquez Penedo, que afecta aos vecinhos/as do nº 4, onde o Concello tamén dispón dunha propiedade. Alén diso tamén se tapiaron durante a obra dúas xanelas de ditos semi-sótanos. O goberno ten constancia disto? Está prevista algunha acción para solucionar estes problemas unha vez finalizada a obra

Resposta do Goberno.- As filtracións no "almacén" particular mencionado foron revisadas polo Arquitecto Técnico Municipal e xa lles trasladou aos propietarios que non era un problema imputable ao Concello. En canto ás "xanelas" ás que fan referencia e que se atopaban practicamente tapiadas de entullo e maleza, serán descubertas nas próximas semanas





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 10.2.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE SETEMBRO.

As preguntas presentadas polo grupo municipal do BNG foron as seguintes que se acompañan da resposta dada polo goberno municipal

**Pregunta 1. GASOLINEIRA.** No pasado xaneiro preguntábamnos pola contorna do Hotel Eumesa e a gasoleneira. Contestaban vostedes que a concesión remataba no ano 2027 ¿esta información é correcta ? ¿cal foi o resultado da reunión que tiñan pendente co novo presidente de Portos ?

**Resposta do Goberno.-** Si, é a información que nos trasladaron. Nesa reunión se nos trasladou que a gasoleneira podía continuar coa súa actividade cunha nova concesión debido a que o plan de usos portuario que está en vigor contempla ese uso como complementario aos servizos do porto debido a que é o punto de avituallamento tanto das embarcacións profesionais como as deportivas.

**Pregunta 2. HOTEL EUMESA-GASOLINEIRA.** Dende o BNG cremos que necesario a reformulación do aproveitamento deste espazo polo que é necesario contar cun proxecto que conte cun amplo consenso dentro da sociedade eumesa. Todas as posibilidades están abertas. O PMUS, encargado polo propio concello e redactado polo arquitecto Roi García Camba propón para este espazo (sic):“... proponse unha reconfiguración total do espazo, apostando pola supresión dos usos hoteleiros e de gasoleneira, aumentando a superficie de estacionamento.....”. O alcalde, en distintos foros, falou da intención do concello (contradecendo ao documento técnico de PMUS) de non suprimir o uso como gasoleneira. ¿ Pretende o concello realmente manter o uso como gasoleneira?

**Resposta do Goberno.-** Si, o Concello pretende manter o uso como gasoleneira debido a que eliminalo supoñería obrigar a todos os profesionais do mar (pescadores, mariscadores...) así como aos propietarios de embarcacións deportivas a desprazarse a Laraxe ou a Andrade para encher. A todo isto hai que engadir, por se vostedes non son conscientes, do importante número de veciños de concellos limítrofes que se achegan a Ponte deume para encher na devandita gasoleneira e que aproveitan a viaxe para realizar diferentes compras no comercio local. Por non falar do número de postos de traballo que se perderían, tendo en conta que hai 7 familias que dependen economicamente desa instalación.

**Pregunta 3. MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.** O pasado novembro do 2023 constituíuse a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, na acta de constitución establecíase que a mesa debería reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, cantas reunións houbo dende a súa constitución ? Cando está prevista próxima reunión ?

**Resposta do Goberno.-** Por diversos motivos relacionados coa carga de traballo do persoal adscrito á citada mesa, non foi posible no primeiro semestre do ano convocar a primeira das mesas que terá lugar no próximo mes de Outubro. En todo caso, a non convocatoria da mesma non supuxo ningún tipo de diminución nin minoración do traballo que desde este Concello leve





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a cabo nesta materia. Sen ir máis lonxe, o pasado 5 de xullo tivo lugar unha Xunta Local de Seguridade na que se analizou a situación do noso municipio, as accións realizadas e as posibles medidas a adoptar na devandita materia

**Pregunta 4. CONSELLO ESCOLAR.** O Consello Escolar Municipal de Ponte deume reunírase, con carácter ordinario, tres veces ao ano, unha delas ao inicio do curso escolar e outra ao seu remate. Cantas veces se reuniu no curso 23/24 ? No inicio do curso 24/25 xa se reuniu ? Cales foron as propostas para mellorar o funcionamento educativo no noso concello neste curso académico ?

**Resposta do Goberno.-** Nos últimos 5 anos o CEM de Ponte deume estivo a reunirse con carácter ordinario 2 veces ao longo do curso escolar tal como estipula a ordenanza de regulamento do mesmo, incluso de xeito telemático durante as restricións da pandemia, sendo o pasado curso 23/24 a primeira vez que non puido reunirse con esta periodicidade por diferentes motivos . A primeira reunión do CEM vense realizando de maneira habitual no mes de novembro, cando xa está comezado o curso, detectadas as problemáticas e asentados os equipos directivos dos centros, que nos últimos anos son nomeados “de xeito obrigatorio” pola consellería nos CEIPs, polo que estamos a falar de persoal que debe contar cun proceso de adaptación ao seu cargo. Para establecer esta primeira data cóntase coa opinión dos centros xa que a carga administrativa dos mesmos veuse incrementada substancialmente despois da pandemia e o seu traballo fora das horas lectivas está a ser unha limitación á hora de marcar este tipo de reunións, como aconteceu o curso pasado ademais das baixas de varios representantes do CEM por motivos de enfermidade . A finais de curso estamos a detectar que ante a cantidade de actividades e proxectos que realizan os centros escolares polo cambio de metodoloxía de traballo dos mesmos e a redución do tempo de duración da última avaliación pola supresión das recuperación de setembro, é moi difícil encaixar unha data de reunión con todos os centros . Tanto é así que o curso pasado tivemos incluso que suprimir algunhas actividades formativas para o alumnado xa que os equipos directivos nos comentaban que non dispoñían de tempo para rematar co traballo curricular do alumnado.

Este curso estamos a deseñar xa os diferentes proxectos cos que traballar da man dos centros escolares en diferentes materias ( educación viaria, axente titor, sementeira de versos, día da árbore, charlas sobre patrimonio, visitas guiadas, fomento da lectura, etc) e elaborando as liñas de traballo e valoración de problemáticas para poñer en común na primeira reunión do CEM que se reunirá como é habitual, o vindeiro mes de novembro.

**Pregunta 5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.** A ordenanza de Normalización lingüística do concello de Ponte deume concédelle potestade ao concello para “outorgar axudas económicas para as actuacións relacionadas coa normalización lingüística, conforme co artigo 25 da Lei de normalización lingüística” Cal é o importe e o número de axudas neste concepto concedidas polo goberno do PSOE dende maio do 2015 ?

**Resposta do Goberno.-** Este Concello decidiu dedicar os recursos para normalización lingüística a financiar as actividades que nesa materia organízanse desde esta administración. Como vostedes saben, ou deberían saber, son numerosas ao longo de todo o ano.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Pregunta 6. OBRAS PONTE.** Cales son as informacións máis recentes que ten o concello sobre o novo inicio das obras: prazos, horarios de traballo, peche de carrís...?

Segundo nos trasladan desde a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, unha vez pasado o verán reiniciáronse as obras tal e como se acordou. Durante o mes de outubro continuarán cos ensaios e irase informando de posibles afectacións ao tráfico

### 10.2.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE SETEMBRO.

As preguntas presentadas polo grupo municipal do PP foron as seguintes que se acompañan da resposta dada polo goberno municipal.

#### **“FIESTAS DE LAS PERAS**

*1. En prensa, unos días antes de la celebración de Las Fiestas de las Peras asegura el gobierno local que: “La Avenida de Ricardo Sánchez es un TETRIS y por seguridad es imposible meter gente por ahí ya que incluso les cuesta pasear por el medio de las atracciones”. También explicaban los problemas que generaba cortar la avenida y cambiar el sentido de la Calle Camino Estrecho.*

*¿En qué momento dejó de ser un TETRIS y un problema para pasear la gente por el medio de las atracciones y se decide retomar la ubicación que se lleva haciendo durante estos últimos años?*

**Resposta do Goberno.-** Decídese retomar a localización de anos anteriores no momento no que se comproba que hai varias atraccións que inicialmente estaba prevista a súa localización no paseo marítimo, que non poden ser instaladas no mesmo por mor das condicións de manexabilidade necesarias para poder situalas no lugar asignado previamente debido a que de realizarse esas manobras danarían o pavimento dese espazo público e afectarían á estabilidade dalgunhas das estruturas.

*2. ¿Cuál fue el motivo de volver a la misma ubicación de las atracciones si se tenía ya pensada otra ubicación más adecuada?*

**Resposta do Goberno.-** O motivo exposto na pregunta anterior.

*3. Por otra parte se explica en la prensa que la gestión de las atracciones corresponde a la Comisión de Fiestas... ¿Acaso dicha comisión también tiene el poder de decidir cortar una calle y cambiar otra de sentido sin contar con la aprobación del Gobierno Local?*

**Resposta do Goberno.-** O sistema de funcionamento da comisión de festas é o mesmo que en anos anteriores, incluído os que tiveron lugar baixo os mandatos nos que estivo o seu partido á fronte da alcaldía. É máis, o peche de Ricardo Sánchez para situar alí as atraccións fíxose por primeira vez gobernando o seu partido. Devandito o cal, é a comisión a que mantén





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

os contactos cos feirantes e negocia con eles a localización, que con posterioridade e como é lóxico coméntase co Concello para coordinala e dotar dos medios necesarios e facela efectiva.

4. *Ante todo este panorama la información que nos llegaba era que los feriantes exigieron diversas cosas hasta ganar el pulso y colocarse donde siempre. ¿Hay previsión para el año que viene de seguir adelante con la nueva ubicación que se propuso al principio sin vuelta atrás?*

**Resposta do Goberno.-** De cara ao próximo ano estudaranse con tempo suficiente e en coordinación cos propios feirantes e comisión de festas, as posibles localizacións para as atraccións. En todo caso, tal e como queda de manifesto á vista dos datos que lles acabamos de trasladar queda claro que a decisión tomada nada ten que ver cun pulso senón con motivos razoados e facilmente contrastables.

5. *Un día antes de llevar a cabo el corte de la Avenida de Ricardo Sánchez y derivar el tráfico por la Calle Camino Estrecho en ambos sentidos por motivos de las fiestas, se produjo una rotura de una tubería en esta última donde hubo que picar la calle y meter maquinaria pesada para solventar la incidencia.*

En un supuesto muy realista y probable imáginense que esta incidencia se produce los días de las fiestas y que se produce una emergencia donde tiene que salir una ambulancia.

6. *¿Cómo Gobierno Local tenían pensado una solución a este problema o es competencia de La Comisión de Fiestas y de los feriantes?*

**Resposta do Goberno.-** As vías de acceso a unha ambulancia para a veciñanza da Rúa Ricardo Sánchez e Camiño Estreito estaban perfectamente valoradas polos técnicos que realizaron o Plan de Seguridade así como da Policía Local e totalmente garantidas. A zona das atraccións está situada diante dos centros escolares e o edificio administrativo da Policía local e Urbanismo do Concello, polo que o suposto de imposibilidade de entrada dunha ambulancia daríase unicamente neste tramo, anque como xa explicamos antes, esiximos aos feirantes que se garantise o paso do persoal sanitario e cama de emerxencias. Estes supostos están valorados nun plan de emerxencias que ante eventos deste tipo debe ser presentados por parte da organización e así se ven facendo dende hai moitos anos polas diferentes comisións de festas. Sobre a posible rotura actuaríase da mesma forma que se actuó agora, do mesmo xeito que se un día das festas rompe unha canalización de auga na praza do Conde no tramo onde está situado o escenario da orquestra ou no pasado, se rompía unha das canalizacións que van baixo o porto na época na que se instalaban alí as atraccións.

### PASEO MARÍTIMO

7. *¿Para cuándo en cambio de la iluminación del paseo marítimo para evitar la contaminación lumínica y la eficiencia energética?*

**Resposta do Goberno.-** Debido ao importante custo que supoñen este tipo de actuacións, os cambios a tecnoloxía Led que se realizaron ata o de agora foron grazas á consecución de subvencións tramitadas polo equipo de goberno e que proveñen do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, ente dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica que





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

nos permitiron renovar o 75% da iluminación do municipio. Para as zonas que comentan estanse redactando un proxecto e as memorias necesarias para solicitar posibles subvencións similares ás xa conseguidas

### **CARRETERA DE LA ESTACIÓN**

8-¿Cuándo se tiene previsto arreglar las aceras de la estación?

**Resposta do Goberno.-** As beirarrúas da estación son propiedade de ADIF, ente dependente do Ministerio de Transportes e Movilidad Sostible. Se ao que vostedes refírense é vostedes á Avenida de Ferrol, actualmente atópase en fase de redacción un anteproxecto de humanización de toda a Avenida de Ferrol.

### **ALIMENTACIÓN CALLEJERA**

9. *En Los últimos años la alimentación a los gatos callejeros por parte de algunos vecinos en algunas calles va en aumento dando una imagen dantesca y nada higiénica.(con recipientes con comida en todas las esquinas)Al igual que con esto están contribuyendo a la proliferación de los gatos en esas zonas .*

*¿Hay alguna ordenanza donde se prohíba y se multe esta situación? Y si es así porque no se informa por diferentes vías a los vecinos de la existencia de la ordenanza y sus sanciones.*

**Resposta do Goberno.-** Instaláronse carteis de prohibición en diferentes zonas que foron arrincados polo que proximamente procederase de novo á súa instalación

### **BANCO**

11. *¿Por qué motivo se sacó el banco que estaba en la calle Ferreiros cerca del banco Santander?*



**Resposta do Goberno.-** Retirouse para facer labores de reparación e mantemento debido a que tiña varias táboas rotas

### **PUENTE DE PIEDRA**

11. *¿En qué situación se encuentran las obras del puente, cuando dan comienzo?*

**Resposta do Goberno.-** Segundo nos trasladan desde a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, unha vez pasado o verán reiniciáronse as obras tal e como se acordou. Durante o mes de outubro continuarán cos ensaios e irase informando de posibles afectacións ao tráfico



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 10.3.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE SETEMBRO.


Non presentaron ningún rogo.

### 10.4.- ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE SETEMBRO.


O partido municipal do PP, presentou para o Pleno de setembro os seguintes rogos:

#### **RUEGOS**

*Rebajen la acera que da al paseo por la parte justo de atrás de la guardería, al igual que el final de la acera delante del fotomatón en Ricardo Sánchez para las sillas de ruedas.*



*Limpien antes de que lleguen las lluvias la cubierta del pabellón municipal de la Casqueira para evitar males mayores.*



#### **REMATE DA SESIÓN**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 31.10.2024 segundo o borrador asinado o día 28.10.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

